

Benquerido e sufrido alumnado de 1º Bacharelato

Novamente póño-me en contacto con vos sen ánimo de dar moito a lata. Procurei nestes dous meses plantearvos as actividades que me pareceron máis lóxicas e razoables para que puiderades traballar sen necesidade da miña sempre molesta presenza e sen afogarvos en “deberes”. Pero as condicións, continuamente variables, que nos viñeron impostas, obrigaron a ir modificando a estratexia inicialmente deseñada e que contaba rematar o curso presencialmente. Non foi imprevisión, se non adaptación ás condicións cambiantes que se ían sucedendo e nas que nunca perdín a esperanza de poder volvermos ás aulas, polo menos a despedirnos.

A situación actual non permite ser tan optimistas a este respecto, así que aquí vos explico a estratexia en canto a **avaliación e cualificación**, de xeito resumido en relación ao publicado a semana pasada no documento de adaptación da programación de cara a este estrano fin de curso.

Así, a **cualificación final** será a nota da segunda avaliación (que afortunadamente puidemos completar) mellorada, de darse o caso, cun máximo de 2 puntos segundo a calidade das tarefas realizadas en abril e maio, así como a recuperación nos casos con algún exame suspenso ata o momento da interrupción das clases.

Aínda que sempre traballei coa hipótese dun exame de recuperación presencial na **semana do 8 ao 12 de xuño**, no caso de non ser posible, buscaría unha alternativa telemática (penso que para vos é preferible a presencial, en todo caso).

As **actividades** realizadas na fase non presencial deben ser entregadas no instituto ata o día **9 de xuño como último día**. Se alguén ten unha absoluta imposibilidade para facelo, pode envalas ao meu correo electrónico en formato PDF, aínda que penso que pode ser moito máis laborioso.

En caso de suspenso (Deus non o queira), a **proba extraordinaria de setembro** consistirá nun exame a realizar presencialmente na primeira semana de setembro que terá como contidos exclusivamente os impartidos na primeira e segunda avaliación. A presentación dos traballos referidos a temas de fisioloxía animal eximirá da súa inclusión en dita proba, constituíndo o 20 % da cualificación final nesta convocatoria.

En canto ás **tarefas da fase non presencial**, lembre que estivemos enredados con:

- Estudo dos temas sobre moléculas, Citoloxía, Histoloxía e Xeoloxía (xeodinámica interna) para aqueles que os teñan suspensos.
- Elaboración dos traballos previstos que faltaban por presentar de Fisioloxía Animal: Temas 18 e 19 (sistemas de coordinación e sensoriais nos animais)

como obrigatorios, máis o tema 14 (función de relación nos vexetais) de carácter voluntario. Todos eles teranse en conta na terceira avaliación.

- Biodiversidade (incluída nos temas 10 e 11), coa necesaria remodelación dos plans iniciais, para simplificar os contidos agrupándoos nun bloque xunto con nocións básicas de Evolución que, **en caso de volta a clase**, sería obxecto dun exame presencial, aínda que isto parece pouco probable. Así que temos o traballo sobre Biodiversidade: elaboración dun guión–resume no que se reflectan claramente os seguintes aspectos: concepto actual; vantaxes ou aspectos positivos que aporta a Biodiversidade e principais ameazas á mesma.
 - Tamén, como unha pequena ampliación que mestura contidos de Bioloxía e de Xeoloxía, pero relacionado co temario do curso pasado, o Tema 7: Historia da Terra. Procesamento da información do libro para elaborar un esquema no que deben aparecer os principais acontecementos da historia da vida no noso planeta e mesmo algúns xeolóxicos significativos.
- De cara a estas últimas semanas, antes da data límite para entregar traballos e actividades (o día 9 de xuño), propóño-vos as últimas tarefas, sempre **de carácter voluntario**. Tampouco é cuestión de facelo todo, pódese escoller segundo preferencias. Evidentemente, canto máis e mellor se faga, máis contará para a nota final
- Un informe de dous folios como máximo no que se faga unha análise comparativa entre tres grandes pandemias da historia da humanidade: a presente do COVID19 (da que tedes sobrada información dispoñible), a chamada gripe española de 1918 (adxúntovos información nun documento) e a peste bubónica que asolou Europa no século XIV-XV (esta tédela que buscar vós). Trátase de comparalas para buscar analoxías e diferenzas entre as tres.
 - Un resume do **tema 12** (A árbore da vida) na que se sinteticen as principais características que definen cada un dos cinco reinos. Trátase de seleccionar as máis importantes, claves para clasificar calquera ser vivo no seu reino correspondente. Podedes axudarvos das que vos din moi resumidiñas o curso pasado, cando eramos tan felices indo a clases en maio.
 - Para os que prefiran ler. Do libro que vos paso ***Desde Darwin***, composto de 33 capítulos independentes, podedes coller os que mellor pinta vos teña e facer un resume de unha cariña de folio como máximo de cada un que leades. As lecturas son independentes entre sí, así que non necesitades ningunha orde para entendelas.

Moito ánimo e lembrede que tedes o meu correo para calquera dúbida ou cuestión. **Os que teñades algo suspenso centrádevos, ante todo, na recuperación como prioridade** absoluta. Os que teñades os exames aprobados, intentade subir a nota con estes proveitosos enredos que sumarán de cara á nota final. Un saúdo antivírico.